

ÓPTICA XEOMÉTRICA

PROBLEMAS

Espellos

- Un espello cóncavo ten 50 cm de radio. Un obxecto de 5 cm colócase a 20 cm do espello:
 - Debuxa a marcha dos raios.
 - Calcula a posición, tamaño e natureza da imaxe.
 - Debuxa unha situación na que non se forme imaxe do obxecto.

(P.A.U. Xuño 14)

Rta.: b) $s' = 1,00$ m; $y' = 25$ cm; imaxe virtual, dereita e maior.

Datos (convenio de signos DIN)

Radio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Incógnitas

Posición da imaxe

Tamaño da imaxe

Outros símbolos

Distancia focal do espello

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

Cifras significativas: 2

$$R = -50 \text{ cm} = -0,50 \text{ m}$$

$$y = 5,0 \text{ cm} = 0,050 \text{ m}$$

$$s = -20 \text{ cm} = -0,20 \text{ m}$$

$$s'$$

$$y'$$

$$f$$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prológanse alén do espello ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.

b) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.


Úsase a ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f = R / 2 = -0,50 \text{ [m]} / 2 = -0,25 \text{ m}$$

Substitúense os datos:



$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s' = +1,0 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 1,0 m á dereita do espello.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-1,0 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}} = 5,0$$


E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = 5,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = 25 \text{ cm}$$

A imaxe é virtual ($s' > 0$), dereita ($A_L > 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

Análise: O resultado do cálculo coincide co debuxo.

c) Cando o obxecto atópase no foco, os raios saen paralelos e non se cortan, polo que non se forma imaxe.



2. Un obxecto de 1,5 cm de altura está situado a 15 cm dun espello esférico convexo de radio 20 cm. Determina a posición, tamaño e natureza da imaxe:

- Graficamente.
- Analiticamente.
- Pódense obter imaxes reais cun espello convexo?

(P.A.U. Set. 09)

Rta.: b) $s' = +6,0 \text{ cm}$; $y' = 6,0 \text{ mm}$

Datos (convenio de signos DIN)

Radio de curvatura do espello convexo

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Incógnitas

Posición da imaxe

Tamaño da imaxe

Outros símbolos

Distancia focal do espello

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

Cifras significativas: 2

$$R = +0,20 \text{ m}$$

$$y = 1,5 \text{ cm} = 0,015 \text{ m}$$

$$s = -0,15 \text{ m}$$

$$s'$$

$$y'$$

$$f$$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$


Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco F (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro C).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro C de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prológanse alén do espello ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



b) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo. Úsase a ecuación dos espellos:

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f = R / 2 = 0,20 \text{ [m]} / 2 = 0,10 \text{ m}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{-0,15 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s' = 0,060 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 6,0 cm á dereita do espello.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,060 \text{ [m]}}{-0,15 \text{ [m]}} = 0,40$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = 0,40 \cdot 1,5 \text{ cm} = 0,60 \text{ cm} = 6,0 \text{ mm}$$

A imaxe é virtual ($s' > 0$), dereita ($A_L > 0$) e menor ($|A_L| < 1$).

Análise: O resultado do cálculo coincide co debuxo.

c) As imaxes producidas por espellos convexos son sempre virtuais. Da ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{f} - \frac{1}{s}$$

$$s' = \frac{1}{\frac{1}{f} - \frac{1}{s}}$$

Polo criterios de signos, $s < 0$, e nos espellos convexos $f > 0$, polo que

$$\frac{1}{f} - \frac{1}{s} > 0$$

Por tanto, $s' > 0$ sempre. A imaxe vaise formar á dereita do espello e vai ser virtual (os raios de luz non atravesan os espellos)

3. Un obxecto de 5 cm de altura está situado a unha distancia x do vértice dun espello esférico cóncavo, de 1 m de radio de curvatura. Calcula a posición e tamaño da imaxe:

a) Se $x = 75 \text{ cm}$

b) Se $x = 25 \text{ cm}$

Nos dous casos debuxa a marcha dos raios.

(P.A.U. Set. 04)

Rta.: a) $s' = -1,5 \text{ m}$; $y' = -10 \text{ cm}$; b) $s' = 0,5 \text{ m}$; $y' = 10 \text{ cm}$.

Datos (convenio de signos DIN)

Radio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto: no primeiro caso
no segundo caso

Cifras significativas: 2

$R = -1,0 \text{ m}$

$y = 5,0 \text{ cm} = 0,050 \text{ m}$

$s_1 = -75 \text{ cm} = -0,75 \text{ m}$

$s_2 = -25 \text{ cm} = -0,25 \text{ m}$

Incógnitas

Posición da imaxe en ambos os casos

Tamaño da imaxe en ambos os casos

Outros símbolos

Distancia focal do espello

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

$$s'_1, s'_2$$

$$y'_1, y'_2$$

$$f$$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$


Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Úsase a ecuación dos espellos:

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f = R / 2 = -1,0 \text{ [m]} / 2 = -0,50 \text{ m}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'_1} + \frac{1}{-0,75 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,50 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s'_1 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 1,5 m á esquerda do espello.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,5 \text{ [m]}}{-0,75 \text{ [m]}} = -2,0$$

E calcúlase a altura da imaxe:


$$y'_2 = A_L \cdot y = -2,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = -10 \text{ cm}$$

A imaxe é real ($s' < 0$), invertida ($A_L < 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

b) Aplícanse as indicacións do apartado anterior, pero tendo en conta que como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que se cortan. O punto de corte é o punto correspondente á imaxe **I**. Os resultados son:

$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,50 \text{ [m]}}$$

$$s'_2 = +0,50 \text{ m}$$



A imaxe atópase a 0,50 m á dereita do espello.

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,50 \text{ [m]}}{-0,25 \text{ [m]}} = 2,0$$

$$y'_2 = A_L \cdot y = 2,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = 10 \text{ cm}$$

A imaxe é virtual ($s' > 0$), dereita ($A_L > 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos coinciden cos debuxos.

4. Un espello esférico cóncavo ten un radio de curvatura de 0,5 m. Determina analítica e graficamente a posición e aumento da imaxe dun obxecto de 5 cm de altura situado en dúas posicións diferentes:

- a) A 1 m do espello.
b) A 0,30 m do espello.

(P.A.U. Set. 05)

Rta.: a) $s' = -0,33 \text{ m}$; $A_L = -0,33$; b) $s' = -1,5 \text{ m}$; $A_L = -5,0$

Datos (convenio de signos DIN)

Radio de curvatura do espello

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto: no primeiro caso
no segundo caso

Incógnitas

Posición da imaxe en ambos os casos

Aumento da imaxe en ambos os casos

Outros símbolos

Distancia focal do espello

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

Cifras significativas: 2

$R = -0,50 \text{ m}$

$y = 5,0 \text{ cm} = 0,050 \text{ m}$

$s_1 = -1,0 \text{ m}$

$s_2 = -0,30 \text{ m}$

s'_1, s'_2

A_1, A_2

f

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$


Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Úsase a ecuación dos espellos:

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f = R / 2 = -0,50 \text{ [m]} / 2 = -0,25 \text{ m}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-1,0 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s'_1 = -0,33 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 33 cm á esquerda do espello.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:


$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{0,33[\text{m}]}{-1,0[\text{m}]} = -0,33$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = -0,33 \cdot 5,0 \text{ cm} = -1,7 \text{ cm}$$

A imaxe é real ($s' < 0$), invertida ($A_L < 0$) e menor ($|A_L| < 1$).

b) Aplicando as indicacións do apartado anterior, os resultados son:



$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,30 [\text{m}]} = \frac{1}{-0,25 [\text{m}]}$$

$$s'_2 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 1,5 m á esquerda do espello.

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,5[\text{m}]}{-0,30[\text{m}]} = -5,0$$

$$y' = A_L \cdot y = -5,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = -25 \text{ cm}$$

A imaxe é real ($s' < 0$), invertida ($A_L < 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos coinciden cos debuxos.

5. Dado un espello esférico de 50 cm de radio e un obxecto de 5 cm de altura situado sobre o eixe óptico a unha distancia de 30 cm do espello, calcula analítica e graficamente a posición e tamaño da imaxe:
- Se o espello é cóncavo.
 - Se o espello é convexo.

(P.A.U. Xuño 06)

Rta.: a) $s'_1 = -1,5 \text{ m}$; $y'_1 = -0,25 \text{ m}$; b) $s'_2 = 0,14 \text{ m}$; $y'_2 = 0,023 \text{ m}$

Datos (convenio de signos DIN)

Radio de curvatura do espello cóncavo

Radio de curvatura do espello convexo

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Incógnitas

Posición das imaxes que dan ambos os espellos

Cifras significativas: 2

$R = -0,50 \text{ m}$

$R = +0,50 \text{ m}$

$y = 5,0 \text{ cm} = 0,050 \text{ m}$

$s_1 = -0,30 \text{ m}$

s'_1, s'_2

Incógnitas

Tamaño das imaxes que dan ambos os espellos

$$y'_1, y'_2$$

Outros símbolos

Distancia focal do espello

$$f$$

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Aumento lateral nos espellos

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

$$f = R / 2$$


Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Úsase a ecuación dos espellos:

Calcúlase a distancia focal, que é a metade do radio do espello.

$$f = R / 2 = -0,50 \text{ [m]} / 2 = -0,25 \text{ m}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'_1} + \frac{1}{-0,30 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,25 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s'_1 = -1,5 \text{ m}$$

A imaxe atópase a 1,50 m á esquerda do espello.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{1,5 \text{ [m]}}{-0,30 \text{ [m]}} = -5,0$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = -5,0 \cdot 5,0 \text{ cm} = -25 \text{ cm} = -0,25 \text{ m}$$

A imaxe é real ($s' < 0$), invertida ($A_L < 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

b) Aplícanse as indicacións do apartado anterior, pero tendo en conta que como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que se cortan. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.

Os resultados son:

$$f = R / 2 = 0,50 \text{ [m]} / 2 = 0,25 \text{ m}$$

$$\frac{1}{s'_2} + \frac{1}{-0,30 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,25 \text{ [m]}}$$

$$s'_2 = 0,14 \text{ m}$$


A imaxe atópase a 0,14 m á dereita do espello.

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,14 \text{ [m]}}{-0,30 \text{ [m]}} = 0,45$$

$$y' = A_L \cdot y = 0,45 \cdot 5,0 \text{ cm} = 2,3 \text{ cm} = 0,023 \text{ m}$$

A imaxe é virtual ($s' > 0$), dereita ($A_L > 0$) e menor ($|A_L| < 1$).

Análise: En ambos os casos, os resultados dos cálculos coinciden cos debuxos.



6. Un obxecto de 3 cm está situado a 8 cm dun espello esférico cóncavo e produce unha imaxe a 10 cm á dereita do espello:

- Calcula a distancia focal.
- Debuxa a marcha dos raios e obtén o tamaño da imaxe.
- En que posición do eixe hai que colocar o obxecto para que non se forme imaxe?

(P.A.U. Xuño 08)

Rta.: a) $f = -0,40 \text{ m}$; b) $y' = 3,8 \text{ cm}$

Datos (convenio de signos DIN)

Posición do obxecto

Posición da imaxe

Tamaño do obxecto

Incógnitas

Distancia focal do espello

Tamaño da imaxe

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

Cifras significativas: 3

$$s = -8,00 \text{ cm} = -0,0800 \text{ m}$$

$$s' = 10,0 \text{ cm} = -0,100 \text{ m}$$

$$y = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$$

$$f$$

$$y'$$

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

Solución:

a) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

Úsase a ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{0,100 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,0800 \text{ [m]}} = \frac{1}{f}$$

E calcúlase a incógnita:


$$f = -0,400 \text{ m}$$

b) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prolónganse alén do espello ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = \frac{-0,100[\text{m}]}{-0,0800[\text{m}]} = 1,25$$


E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = 1,25 \cdot 3,00 \text{ cm} = 3,75 \text{ cm} = 0,0375 \text{ m}$$

A imaxe é virtual ($s' > 0$), dereita ($A_L > 0$) e maior ($|A_L| > 1$).

Análise: Os resultados están de acordo co debuxo.

c) No foco. Os raios que saen dun obxecto situado no foco saen paralelos e non se cortan, polo que non se forma imaxe.



7. Un espello ten 1,5 de aumento lateral cando a cara dunha persoa está a 20 cm dese espello.
- Razoa se ese espello é plano, cóncavo ou convexo.
 - Debuxa o diagrama de raios.
 - Calcula a distancia focal do espello.

(A.B.A.U. Set. 18)

Rta.: c) $f = -60 \text{ cm}$

Datos (convenio de signos DIN)

Posición do obxecto

Aumento lateral

Incógnitas

Distancia focal do espello

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nos espellos

Aumento lateral nos espellos

Relación entre a distancia focal e o radio de curvatura

Cifras significativas: 3

$s = -20,0 \text{ cm} = -0,200 \text{ m}$

$A_L = 1,50$

f

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s}$$

$$f = R / 2$$

Solución:

c) Emprégase a ecuación do aumento lateral para establecer a relación entre a distancia obxecto s e a distancia imaxe s' .

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{-s'}{s} = 1,5$$

Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda do espello teñen signo negativo.

$$s' = -1,5 s = -1,5 \cdot (-0,20 [\text{m}]) = 0,30 \text{ m}$$

Úsase a ecuación dos espellos:

$$\frac{1}{s'} + \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{0,300 \text{ [m]}} + \frac{1}{-0,200 \text{ [m]}} = \frac{1}{f}$$

E calcúlase a incógnita:

$$f = -0,600 \text{ m}$$


a) O espello é cóncavo, posto que a distancia focal é negativa. O foco está á esquerda do espello.

b) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes do espello e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara ao espello que se reflicte de maneira que o raio reflectido pasa polo foco **F** (que se atopa á metade da distancia entre o espello e o seu centro **C**).

- Outro cara ao espello, que se reflicte sen desviarse pasando polo centro **C** de curvatura do espello.

Como os raios non se cortan, prológanse alén do espello ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



● Lentes

1. Un obxecto de 1,5 cm de altura sitúase a 15 cm dunha lente diverxente que ten unha focal de 10 cm. Determina a posición, tamaño e natureza da imaxe:

- a) Graficamente.
- b) Analiticamente.
- c) Pódense obter imaxes reais cunha lente diverxente?

(P.A.U. Set. 09)

Rta.: b) $s' = -6,0 \text{ cm}$; $y' = 6,0 \text{ mm}$

Datos (convenio de signos DIN)

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Distancia focal da lente

Incógnitas

Posición da imaxe

Tamaño da imaxe

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

Cifras significativas: 2

$$y = 1,5 \text{ cm} = 0,015 \text{ m}$$

$$s = -15 \text{ cm} = -0,15 \text{ m}$$

$$f = -10 \text{ cm} = -0,10 \text{ m}$$

$$s'$$

$$y'$$

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$


Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes da lente e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara á lente que a atravesa e se refracta de maneira que a prolongación do raio refractado pasa polo foco **F**.

- Outro cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.

Como os raios non se cortan, prológanse ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



b) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda da lente teñen signo negativo. Para unha lente diverxente, $f = -0,10$ m.

Úsase a ecuación das lentes:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,15 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s' = -0,060 \text{ m}$$

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} = \frac{-0,060 \text{ [m]}}{-0,15 \text{ [m]}} = 0,40$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = 0,40 \cdot 0,015 \text{ m} = 0,0060 \text{ m} = 6,0 \text{ mm}$$

Análise: A imaxe é virtual xa que s' é negativa, é dicir fórmase á esquerda de lente que é a zona onde se forman as imaxes virtuais nas lentes. O signo positivo do tamaño ou indica que a imaxe é dereita. Os resultados numéricos coinciden co debuxo.

c) As imaxes producidas polas lentes diverxentes son sempre virtuais. Da ecuación das lentes:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$\frac{1}{s'} = \frac{1}{f} + \frac{1}{s}$$

$$s' = \frac{1}{\frac{1}{f} + \frac{1}{s}}$$

Aplicando o criterio de signos, $s < 0$, e nas lentes diverxentes $f < 0$, polo que

$$\frac{1}{f} + \frac{1}{s} < 0$$

Por tanto, $s' < 0$ sempre. A imaxe vaise formar á esquerda da lente e vai ser virtual (os raios de luz atravesan as lentes e forman as imaxes reais á dereita delas)

2. Un obxecto de 3 cm de altura sitúase a 75 cm dunha lente delgada converxente e produce unha imaxe a 37,5 cm á dereita da lente:

- Calcula a distancia focal.
- Debuxa a marcha dos raios e obtén o tamaño da imaxe.
- En que posición do eixe hai que colocar o obxecto para que non se forme imaxe?

(P.A.U. Xuño 08)

Rta.: a) $f = 0,25$ m; b) $y' = -1,5$ cm

Datos (convenio de signos DIN)

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Posición da imaxe

Incógnitas

Distancia focal da lente

Cifras significativas: 3

$y = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$

$s = -75,0 \text{ cm} = -0,750 \text{ m}$

$s' = 37,5 \text{ cm} = 0,375 \text{ m}$

f'

Incógnitas

Tamaño da imaxe

 y' **Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Aumento lateral nas lentes

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

Solución:

a) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda da lente teñen signo negativo.

Úsase a ecuación das lentes:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Substitúense os datos:


$$\frac{1}{0,375 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,750 \text{ [m]}} = \frac{1}{f}$$

E calcúlase a distancia focal:

$$f = 0,250 \text{ m}$$

*Análise: A distancia focal dá positiva, que está de acordo co dato de que a lente é converxente.*b) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes da lente e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara á lente que a atravesa e se refracta de maneira que o raio refractado pasa polo foco F' .
- Outro cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.


O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} = \frac{0,375 \text{ [m]}}{-0,750 \text{ [m]}} = -0,50$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = -0,50 \cdot 0,030 \text{ [m]} = -0,0150 \text{ m} = -1,50 \text{ cm}$$

Análise: O signo negativo indícanos que a imaxe é invertida. Os resultados numéricos coinciden co debuxo.

c) No foco. Os raios que saen dun obxecto situado no foco saen paralelos e non se cortan, polo que non se forma imaxe.

3. Unha lente diverxente de distancia focal 10 cm forma unha imaxe de 2 cm de altura. Se o tamaño do obxecto é 10 cm:

- Calcula la distancia á que se atopa o obxecto da lente.
- Debuxa a marcha dos raios.
- A miopía é un defecto visual. Explica como se pode corrixir.

Rta.: a) $s = 0,40 \text{ m}$

(P.A.U. Set. 16)

Datos (convenio de signos DIN)

Distancia focal da lente

Altura do obxecto

Altura da imaxe

Incógnitas

Posición do obxecto

Outros símbolos

Posición do obxecto

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

Cifras significativas: 2

$$f = -10 \text{ cm} = -0,10 \text{ m}$$

$$y = 10 \text{ cm} = 0,10 \text{ m}$$

$$y' = 2,0 \text{ cm} = 0,020 \text{ m}$$

 s s'

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

Solución:

a) Do aumento lateral podemos establecer a relación matemática entre as distancias s do obxecto á lente e s' da imaxe á lente.

$$A_L = \frac{s'}{s}$$

$$\frac{s'}{s} = \frac{0,020 \text{ [m]}}{0,10 \text{ [m]}} = 0,20$$

$$s' = 0,20 s$$


$$\frac{1}{0,20 \cdot s} - \frac{1}{s} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}}$$

$$s' = -0,40 \text{ m}$$

b) No debuxo represéntase o obxecto O antes da lente e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara á lente que a atravesa e se refracta de maneira que a prolongación do raio refractado pasa polo foco F .

- Outro cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse. Como os raios non se cortan, el punto de corte das súas prolongacións é o correspondente á imaxe I .



c) Con lentes diverxentes. Véxase:

<http://teleformacion.edu.aytolacoruna.es/FISICA/document/fisicaInteractiva/OptGeometrica/Instrumentos/ollo/ollo.htm#miopia>

4. Unha lente converxente proxecta sobre unha pantalla a imaxe dun obxecto. O aumento é de 10 e a distancia do obxecto á pantalla é de 2,7 m.

- Determina as posicións da imaxe e do obxecto.
- Debuxa a marcha dos raios.
- Calcula a potencia da lente.

(P.A.U. Set. 12)

Rta.: a) $s = -0,245 \text{ m}$; $s' = 2,45 \text{ m}$; c) $P = 4,48 \text{ dioptrías}$

Datos (convenio de signos DIN)

Aumento da lente

Distancia entre o obxecto e a súa imaxe

Incógnitas

Posición do obxecto e da imaxe

Potencial da lente

Cifras significativas: 3

$$A_L = 10,0$$

$$d = 2,70 \text{ m}$$

 s, s' P

Outros símbolos

Distancia focal da lente

 f **Ecuacións**

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Aumento lateral nas lentes

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

Potencia dunha lente

$$P = \frac{1}{f}$$

Solución:

a) Do aumento lateral podemos establecer a relación matemática entre as distancias s do obxecto á lente e s' da imaxe á lente.

$$A_L = \frac{s'}{s}$$

$$s' = 10,0 s$$

A distancia do obxecto á pantalla (onde se forma a imaxe) é a suma das dúas distancias (sen ter en conta os signos):

$$|s| + |s'| = 2,70 \text{ m}$$

Tendo en conta que, polo criterio de signos, a distancia do obxecto á lente é negativa, $s < 0$, pero a distancia da imaxe, cando é real, á lente é positiva $s' > 0$, queda

$$-s + s' = 2,70 \text{ m}$$

Aínda que nos din que o aumento é 10, o signo correcto é -10 , polo que, a relación co signo adecuado entre as dúas distancias é:

$$s' = -10,0 s$$

Substituíndo s' e despexando s , queda

$$-s - 10,0 s = 2,70 \text{ m}$$

$$s = \frac{2,70 \text{ [m]}}{-11,0} = -0,245 \text{ m}$$


$$s' = -10,0 s = 2,45 \text{ m}$$

b) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes da lente e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara á lente que a atravesa e se refracta de maneira que o raio refractado pasa polo foco F' .

- Outro cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.

O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.



c) A potencia da lente é a inversa da distancia focal (expresada en metros) e pode calcularse da ecuación das lentes.

$$\frac{1}{2,45 \text{ [m]}} - \frac{1}{-0,245 \text{ [m]}} = \frac{1}{f} = P$$

$$P = 4,48 \text{ dioptrías}$$

5. Un obxecto de 3 cm de altura colócase a 20 cm dunha lente delgada de 15 cm de focal. Calcula analítica e graficamente a posición e tamaño da imaxe:

- Se a lente é converxente.
- Se a lente é diverxente.

(P.A.U. Set. 06)

Rta.: a) $s' = 0,60$ m; $y' = -9,0$ cm; b) $s' = -0,086$ m; $y' = 1,3$ cm

Datos (convenio de signos DIN)

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Distancia focal da lente

Incógnitas

Posición da imaxe en ambas as lentes

Tamaño da imaxe en ambas as lentes

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

Cifras significativas: 2 $y = 3,0$ cm = 0,030 m $s = -20$ cm = -0,20 m $f = 15$ cm = 0,15 m s_1', s_2'
 y_1', y_2'

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

Solución:

a) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda da lente teñen signo negativo. Para a lente converxente, $f = +0,15$ m:

Úsase a ecuación das lentes:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,15 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s' = 0,60 \text{ m}$$

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

6. Un obxecto de 3 cm sitúase a 20 cm dunha lente cuxa distancia focal é 10 cm:

a) Debuxa a marcha dos raios si a lente é converxente.

b) Debuxa a marcha dos raios si a lente é diverxente.

c) En ambos os casos calcula a posición e o tamaño da imaxe.

(P.A.U. Xuño 12)

Rta.: c) $s' = 0,20$ m; $y' = -3,0$ cm; d) $s' = -0,067$ m; $y' = 1,0$ cm

Datos (convenio de signos DIN)

Tamaño do obxecto

Posición do obxecto

Distancia focal da lente

Incógnitas

Posición da imaxe en ambas as lentes

Tamaño da imaxe en ambas as lentes

Ecuacións

Relación entre a posición da imaxe e a do obxecto nas lentes

Aumento lateral nas lentes

Cifras significativas: 2 $y = 3,0$ cm = 0,030 m $s = -20$ cm = -0,20 m $f = 10$ cm = 0,10 m s_1', s_2'
 y_1', y_2'

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f}$$

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$$

Solución:

a) No debuxo represéntase o obxecto **O** antes da lente e desde o seu punto superior débúxanse dous raios:

- Un horizontal cara á lente que a atravesa e se refracta de maneira que o raio refractado pasa polo foco F' .

- Outro cara ao centro da lente. Atravésaa sen desviarse.

O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.

Análise: A imaxe é real xa que s' é positiva, é dicir á dereita da lente que é a zona onde se forman as imaxes reais nas lentes. O signo negativo do tamaño indícanos que a imaxe é invertida. Os resultados numéricos coinciden co debuxo.

b) No debuxo, como os raios non se cortan, prolónganse ata que as súas prolongacións córtanse. O punto de corte é o correspondente á imaxe **I**.

Análise: A imaxe é virtual xa que s' é negativa, é dicir á esquerda da lente que é a zona onde se forman as imaxes virtuais nas lentes. O signo positivo do tamaño indícanos que a imaxe é dereita. Os resultados numéricos coinciden co debuxo.

c) Polo convenio de signos, os puntos situados á esquerda da lente teñen signo negativo. Para a lente converxente, $f = +0,10$ m.

Úsase a ecuación das lentes:

Substitúense os datos:

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{0,10 \text{ [m]}}$$

E calcúlase a posición da imaxe:

$$s' = 0,20 \text{ m}$$

Para calcular a altura da imaxe úsase a ecuación do aumento lateral:

$$A_L = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s} = \frac{y'}{0,030 \text{ [m]}} = \frac{0,20 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}} = -1$$

E calcúlase a altura da imaxe:

$$y' = A_L \cdot y = -1,0 \cdot 0,030 \text{ m} = -0,030 \text{ m} = -3,0 \text{ cm}$$

Para a lente diverxente, $f = -0,10$ m.

$$\frac{1}{s'} - \frac{1}{-0,20 \text{ [m]}} = \frac{1}{-0,10 \text{ [m]}}$$

$$s' = -0,067 \text{ m}$$

$$\frac{y'}{0,030 \text{ [m]}} = \frac{-0,067 \text{ [m]}}{-0,20 \text{ [m]}}$$

$$y' = 0,010 \text{ m} = 1,0 \text{ cm}$$

